

# A LEDICIA DE LER

“Celso Emilio Ferreiro”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 23 de setembro de 1979



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

## Celso Emilio Ferreiro

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 23 DE SETEMBRO DE 1979

A noticia sóubena na tranquila sala de prensa dunha pequena biblioteca sueca. Unha auténtica mazada. De volta, camiño da casa, acordeime do home máis que do poeta. Coñecino na casa duns meus familiares e grandes amigos del, preto de Celanova, alá polo ano 1959, comendo co arcebispo de Santiago de Cuba, parente meu e daquela moi amigo de Fidel Castro, a quen axudara decisivamente na loita contra Batista. O tema da conversa, a nova Cuba revolucionaria, que o arcebispo eloxiaba abertamente, non o esquecería nunca máis Celso Emilio. Pouco despois, visiteino en Vigo. Aínda non era o escritor famoso que chegaría a ser. Leume uns poemas inéditos e obsequioume cun par de libros e unha acuarela orixinal de Cebreiro. Quedei cativado pola súa personalidade, a súa simpatía e a graza verbal con que falaba do mundo, das cousas e da xente.

No inverno de 1965 participamos xuntos nunhas delirantes xornadas de confraternidade galego-catalá. Hospedáronos nun local que aínda conservaba sobre a porta o rótulo do seu antigo destino: «Administración municipal de mingitorios públicos», xusto ao lado da «Ilustre cofradía de portantes del Santo Palio». Aquilo fixo as delicias de Celso, que diante dos seus sorprendidos colegas cataláns pronunciaba a dirección da nosa residencia accidental cunha solemnidade e unha gravidade inimitables, como se estivera falando do Ritz ou do Palace. O absurdo da situación fíxoo gozar como a un neno. Ademais de Méndez Ferrín, Basilio Losada,

Francisco Domínguez Romero (poeta e grande amigo, recluído hoxe no seu silencio fisterrán), Virxilio, Acisclo Manzano, Xaime Quesada, Xavier Pousa e outros escritores e artistas, andaban por alí xentes e personaxes que mesmo parecían saídos dun esperpento: un anano do espectáculo «El bombero torero», un viaxante de empanadas, un pequeno estafador e dous ou tres golfos desocupados. Foron días de troula e de viño, con longas e fermosas noites para a conversa. Deles habería tirar Celso un rico anecdotario.

Viñeron logo as xornadas difíciles e dramáticas da súa marcha a Venezuela, en plena gloria literaria, convertido xa no escritor galego máis popular do seu tempo. Asistín á homenaxe de Ourense, no antigo hotel «Roma», entón xa pechado. Recordo moi ben, entre outras cousas, o espléndido discurso de Otero Pedrayo, a fonda e visible emoción do poeta e a tensión do ambiente, que Antonio Tovar veu subliñar cunhas palabras angustiadas e nerviosas que reflectían fielmente o clima de medo e inquietude que daquela se respiraba na rúa: os enfrontamentos de Castrelo de Miño, a manifestación dos cregos en Barcelona e as primeiras informacións sobre os cada día máis numerosos procesos en Orden Público.

Á volta da súa estada por terras americanas coincidín con el, xunto co pintor Virxilio e a profesora Vázquez Cuesta, nunha festa da Saínza, onde presenciamos a batalla entre mouros e cristiáns. Eran os días do famoso atentado da rúa do Correo en Madrid. Falamos de política e comentamos entre todos a dureza da situación. Ao pouco tempo fun a Madrid e durante un par de tardes tornamos café no «Gijón», onde el facía *tertulia*. Estaba ledo e sorprendido co coñecemento dun militar de alta graduación, liberal, culto e simpático, a quen eu o introducira. Dicía del que era un pándego e que ademais recitaba moi ben a García Lorca, cousa que o tiña realmente fascinado.

Os Premios da Crítica xuntáronos unha vez máis en Barcelona, na primavera de 1976. Conversamos longo, sobre todo de literatura. E conversando estabamos unha tarde, sentados nunha terraza preto da Praza de Cataluña, agardando por Mora, cando apareceu de repente unha riada de xente en manifestación. A policía cargou brutalmente e desaloxou a terraza a golpes e a porradas. Celso e mais eu, paralizados pola sorpresa, alí quedamos, case seguros de que nos ían bater. Pegaron paus ao noso arredor, pero a nós non nos tocaron. Ao final, pasado o medo e a treboada, o poeta respirou fondo e sentenciou: «Salváronte as miñas canas». Aquela mesma noite pasamos unha deliciosa velada na casa sempre acolledora de Xavier Costa Clavel, cun Celso Emilio incrivelmente inspirado.

Atopeino logo en Ourense, cando as primeiras eleccións, aspirando a un posto no Senado pola Candidatura Democrática. Fixemos *tertulia* no café «Miño» con Xulio Losada e outros amigos, e comentamos as incidencias da campaña electoral. A noticia do seu ingreso no PSG sorprendeu a moitos e privouno da aureola de home politicamente radical que sempre tivera. Foi entón cando empezou a perder seguidores, proceso que se acentuaría cando entrou no PSOE. Pero os amigos e admiradores nunca lle faltaron. Por riba de todo, incluídas as súas fraquezas humanas, estaba sempre a súa simpatía, a súa graza e o seu gran corazón. Naturalmente, tamén o seu extraordinario talento literario, pero disto non falamos hoxe.

A última vez que o vin foi en maio deste ano, na cea dos Premios da Crítica Galega, en Samil. Entre tanta xente, apenas falei con el. Vino ledo e leriante, indo de grupo en grupo, falando con todos. De esguello escoiteille un par de comentarios mordaces, feitos con esa agudeza ferinte tan del, que nutriu moitos dos seus mellores

poemas e que os seus incontables imitadores eran incapaces de reproducir. Non o volvín ver máis.

Hai uns días faloume del o poeta sueco Lasse Söderberg, que viña de coñecelo en Canarias, durante o Congreso de Escritores. Estaba encantado co seu novo amigo. Esta mesma mañá chameino por teléfono para lle dar a noticia da súa morte.

\* \* \*